

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión ordinaria da Xunta de Goberno que se celebrará o día 5 de abril, ás 12:00 horas na Sala de Comisións da Deputación Provincial.

ASUNTOS

Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 5/2024, do 15 de marzo.

Asesoría Xurídica

2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia polas que se dispón o acatamento e cumprimento das resolucións xudiciais correspondentes.

3. Dación de conta das Resolucións da Presidencia polas que se dispón a comparecencia en procedementos concursais.

4. Dación de conta das Resolucións da Presidencia polas que se dispón a comparecencia en procedementos xudiciais.

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

5. Dación de conta da resolución da presidencia número 9709 do 11 de marzo de 2024, pola que se dispón avocar a competencia para a aprobación das bases reguladoras das bolsas de investigación para o ano 2024.

Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego

6. Dación de conta da Resolución de Presidencia número 2024/8939 de data 6 de marzo de 2024 pola que se dispón avocar a aprobación e se aproban as bases reguladoras da convocatoria do programa de subvencións de fomento pesqueiro dirixido ás confrarías de pescadores, federacións provinciais das confrarías e agrupacións de mariscadoras e mariscadores da provincia da Coruña para actividades para o ano 2024.

Servizo de Vías e Obras

7. Aprobación dun informe relativo a Parque Eólico Castelo (renovación tecnolóxica) Energías Especiales del Alto Ulla, S.A.; nos Concellos de Coristanco, Tordoia, Santa Comba e Val do Dubra

Servizo de Asistencia Técnica a Concellos

8. Aprobación dun informe sobre o Plan especial de infraestruturas e dotacións para a dotación

cultural e viario no parque de Traba (San Roque - Coristanco).

9. Aprobación dun informe sobre o proxecto de Adecuación do noiro p.q. 29+680-29+720 MD da autovía AG-11 ao contido do Auto do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Santiago, na Pobra do Caramiñal.

10. Aprobación dun informe sobre o Plan especial de reforma interior (PERI) UA_58 e UA_59 en Vilaboa, Culleredo.

Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos

11. Aprobación das bases para a provisión de postos de traballo mediante o sistema de concurso xeral.

ROGOS E PREGUNTAS